

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 29 de novembro de 2017 pola que se resolve o concurso Eduemprende Idea 2017, dirixido ao alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, sostidas con fondos públicos, convocado pola Orde do 30 de marzo de 2017 (Diario Oficial de Galicia do 17 de abril).*

A Orde do 30 de marzo de 2017 (DOG do 17 de abril) pola que se convoca o concurso Eduemprende Idea 2017, dirixido ao alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, sostidas con fondos públicos, establece as bases e o procedemento para adxudicar premios nas modalidades A e B.

Unha vez realizada a valoración dos proxectos de empresa presentados pola comisión avaliadora, designada conforme o procedemento establecido na orde de convocatoria, publicada a proposta provisional de adxudicación dos premios para as modalidades A e B da convocatoria, vista a acta coa proposta definitiva da comisión avaliadora e a correspondente proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a concesión destes premios,

#### DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios aos proxectos de empresa seleccionados no concurso Eduemprende Idea 2017, nas modalidades A e B, que figuran no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, segundo establece o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2017

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria



## ANEXO

Modalidade	Premio	Proxecto	Autores	Centro educativo	Puntuación	Importe
A	1º	Eficonter	Juan Bautista Gracia Villalva Alberto Ortiz Abad Joshua Axel Pysar	CIFP Someso	89	3.000 €
A	2º	Emega, S.L.N.E	Jon Jhonn Alonso Aramburu Néstor Soto Barreiro	IES Luís Seoane	85	2.000 €
A	3º	Plantación ecolóxica de Arándezanos	Almudena González Pardal Tatiana Vázquez Alfaya	CIFP A Granxa	81	1.000 €

Modalidade	Premio	Proxecto	Autores	Centro educativo	Puntuación	Importe
B	1º	Electricall, S.L.N.E.	José Manuel Abella Rivera Jesús López Ramos Rubén López Sánchez	IES Calvo Sotelo	80	3.000 €
B	2º	Ihelpu, S.L.	Lorena Láuzara Sánchez Lara Medín Caramés Iván Brea Liste	CPR Nebrija Torre de Hércules	76	2.000 €
B	3º	Encontros, S.L.N.E.	Mª José Pinagorte Cedeño Tony Manuel Búa Benítez Antonella Franco Irene Fandiño Parrado	CIFP Compostela	72	1.000 €

CVE-DOG: jdbog9fy8-ytb4-lgu7-wxb1-u7uqb5te3a69

